



RESOLUCIÓN

Asunto: Redución da liña límite de edificación

Solicitante: Vestas Manufacturing Spain

Estrada: LU-161 "Landrove (LU-540) - Ferreira de Valadouro (LU-160)", PP.QQ. 2+430 a 2+690.

Concello: Viveiro

ANTECEDENTES

1. O 29 de maio de 2017 Vestas Manufacturin Spain solicitou iniciar a tramitación do expediente de redución da liña límite de edificación da estrada autonómica LU-161, na marxe esquerda no entorno do P.Q. 2+600, ao seu paso polo parque empresarial de Chavín, en aplicación da excepcionalidade recollida no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
2. O 25 de setembro de 2017 o Concello de Viveiro emite un informe técnico do arquitecto municipal, para a tramitación extraordinaria de redución da liña límite de edificación.
3. O 11 de outubro de 2017 asinase o informe da Área de Planificación e Proxectos para iniciar a tramitación do expediente de redución extraordinaria da liña límite de edificación, ao que se fai referencia no encabezado deste informe, segundo o previsto no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
4. Mediante resolución do 20 de novembro de 2017, a dirección da Axencia Galega de Infraestructuras aprobou, ao abeiro do establecido no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, con carácter provisional a delimitación anterior, e resolveu tramitala segundo o procedemento establecido no artigo 103 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio.
5. A delimitación provisional foi sometida a información pública, polo prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio 22 de novembro de 2017, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 233, do luns, 11 de decembro de 2017, a fin de que calquera persoa física ou xurídica formulase as alegacións que estimase pertinentes.
6. Mediante informe do 2 de febreiro de 2018 a Área de Planificación e Proxectos indicou que non se presentaron alegacións durante o período de información pública da delimitación provisional e que tampouco foron emitidos novos informes ao respecto, por parte das entidades locais consultadas.
7. Mediante proposta de resolución do 5 de febreiro de 2018, da dirección da Axencia Galega de Infraestructuras, propónse a aprobación, con carácter definitivo da delimitación da liña límite de edificación da estrada autonómica LU-161 "Landrove (LU-540) - Ferreira de Valadouro (LU-160)", no treito situado entre os PP.QQ. 2+430 a 2+690.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda é competente para resolver o expediente de delimitación da liña límite de edificación previsto no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, en relación co punto 2 da súa Disposición Adicional segunda.

Visto todo o que antecede e, en particular, a proposta de resolución da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, RESOLVO:

Aprobar, ao abeiro do establecido no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, con carácter definitivo, a delimitación da liña límite de edificación da estrada autonómica LU-161 "Landrove (LU-540) - Ferreira de Valadouro (LU-160)", no treito situado entre os PP.QQ. 2+430 a 2+690, segundo o plano que se xunta, que supón a seguinte redución, con respecto á establecida con carácter xeral na antedita Lei:

- ✓ Pola marxe esquerda situándoa a 9,5 m dende a liña exterior da delimitación da calzada, entre os PPQQ 2+430 e 2+480 e entre os PPQQ 2+560 e 2+650.
- ✓ Pola marxe esquerda situándoa a 4 m dende a liña exterior da delimitación da calzada, entre os PPQQ 2+510 e 2+560 e entre os PPQQ 2+650 e 2+690.

Contra esta resolución de aprobación, con carácter definitivo en vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Porén, poderase impugnar directamente o acto que se notifica ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Para tal efecto, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No caso de que se interpoña o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda

Ethel Vázquez Mourelle

